

opusdei.org

# Afganistán: é como entrar na máquina do tempo

Con motivo dunha misión en Afganistán o Garda Civil Gustavo Leboso nos conta as súas impresións...

25-02-2013

Son Gustavo Leboso Fernández, casado e con tres fillos, membro da Garda Civil con destino na Coruña. Estiven destacado en Afganistán entre os meses de xuño a novembro de 2012, na misión ISAF da OTAN. Alí

estabamos unhas decenas de gardas civís realizando varias misións, entre as que estaba a miña: policía militar na base de Herat.

## **Circunstancias moi diferentes ás habituais**

Chegar a un país como Afganistán é como entrar na máquina do tempo desde unha illa; o do tempo é comprensible, porque é un país que vive no século XV; e nunha illa porque vives nunha base occidental cos teus costumes, a túa comida, os teus compatriotas e en cambio ao saír da mesma, atópasche nun océano completamente distinto, de persoas que son estrañas e alleas ao teu mundo.

Saíndo da base, dásche conta das necesidades das persoas que alí viven, cuxa característica fundamental é que son profundamente relixiosas, viven o Islam coma se fose non só o máis

importante na súa vida senón o único.

Ao chegar alí, a miña maior ilusión e esperanza como católico era aproveitar as posibilidades que me ofrecía esta misión: manter o habitual trato con Deus, principalmente a través das normas de piedade, e contribuír a achegar a Deus e a vivir mellor a súa vida cristiá a outros compañeiros. Ante a petición do pater español, Xavier Baena, de contar con colaboradores para as catequeses de Primeira Comunión e Confirmación, ofrecínme encantado.

### **Xente de moitos países: oportunidade de axudar e de aprender**

Unha vez que me asentei na base, no meu traballo e cos meus compañeiros, deime conta das moitas persoas que alí había: españois, italianos, estadounidense, lituanos,

eslovenos, albaneses e búlgaros. Pero eramos moi poucos, tres ou catro, os que asistíamos a misa os domingos, a pesar de existir dúas capelas, unha española e unha italiana. Planteeime que podería facer eu para que os outros compañeiros que son católicos valorasen a asistencia á Misa dominical.

Entre o tres mil militares e civís que estabamos na base, había outras dúas persoas do Opus Dei: Antonio, español, e Alessandro, italiano, quen nos daba os círculos semanais de formación. Os domingos pola tarde tiñamos un intre de agradable faladoiro que nos permitía falar de temas que nos eran comúns.

Desde un principio deime conta de que as persoas alí destacadas tiñan tantos problemas como outras nos seus respectivos países, pero alí acrecentábanse. Ao meu compañeiro de habitación, Pedro, excelente

persoa do que acabei sendo bo amigo, que recibira unha educación cristiá na súa familia, expliqueille o sentido da Misa, recei bastante por el e empeceá convidarlle a asistir a misa algún domingo. Acabou a misión indo todos os domingos e mesmo a diario. A miña maior alegría foi cando o catro de novembro confirmouse téndome a min como padriño. Veu o Vicario Xeneral Castrense de Defensa para administrar as confirmacións.

## **Posibilidades que ofrece unha estancia así**

Quince persoas preparáronse e recibiron o sacramento da Confirmación, e dúas recibiron a súa Primeira Comuñón. Vin satisfeita a miña colaboración e participación activa nas catequeses, cando tres dos confirmados pedíronme que fose eu o seu padriño.

O mencionar con naturalidade, ao principio da misión, que eu era membro do Opus Dei, fixo que a xente me respectase, o que é un xesto da súa calidade humana. Sempre que había algún momento de lecer, limitado a tomar unhas pizzas ou xogar unha partida de mus, dicían, "ouve, que até as oito e media, Gustavo non sae da Misa", iso impresionábame.

Estar tanto tempo lonxe da muller e da familia faise custoso.

Presentáronseme varias ocasións de falar da grandeza da fidelidade conxugal e de como ese esforzo pagou a pena. Algúns dos meus compañeiros agradecéronmo.

### **A amizade, posible con modos de pensar moi distintos**

Froito da amizade e confianza que fun collendo con bastantes compañeiros de diversos países, algúns me preguntaron por aspectos

da doutrina cristiá que non entendían. Enchíame de satisfacción ver que podes axudar a outras persoas a atopar o sentido cristián da súa vida. Outros querían aclarar a idea que tiñan do Opus Dei.

Non quero acabar sen dicir que a forza de Deus o noso Señor e a intercesión de san Xosemaría Escrivá permitíronme superar momentos nos que o estar a 6.500 kms.de casa, en terra hostil, pésanche na túa cabeza e no teu corazón.

Gustavo Leboso Fernández

.....

pdf | document generated  
automatically from [https://opusdei.org/  
gl-es/article/afganistan-e-como-entrar-  
na-maquina-do-tempo/](https://opusdei.org/gl-es/article/afganistan-e-como-entrar-na-maquina-do-tempo/) (02-04-2026)